



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL TÉCNICO PARA ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN.**

Resultando que por Resolución do Servizo de Acción social, cultural e deportes, Sección de Educación,Cultura e Deportes da Deputación de Coruña, publicada no BOP nº 113 de 17/06/2019, se lle concedeu a este concello unha subvención para a contratación de persoal Técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2019.

Considerando que a base 3.1 parágrafo 2ª, das Bases específicas do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para atención de museos e centros de interpretación (BOP nº 30 de 12/02/2019) establece que “ o persoal contratado deberá ter formación específica (grao, licenciatura,ciclos formativos, máster, posgrado...) relacionada cos campos da cultura, o turismo, o patrimonio, o desenvolvemento local e/ou a xestión cultural.

Entre os candidatos que cumpran eses requisitos compre facer unha selección para acreditar o cumprimento dos principios de mérito, capacidade e igualdade establecidos na Constitución e no artigo 55 do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/2007.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Entre os candidatos proporcionados polo Servizo Público de Emprego aplicaranse os seguintes criterios de selección:

#### **1. FASE DE OPOSICIÓN: máximo 20 puntos**

Unha proba escrita de contido relacionado co temario que a continuación se relaciona. A duración máxima da proba será de 1 hora e se valorará cun máximo de 20 puntos, debendo acadar un mínimo de 10 puntos para superalo. O exame será lido ante o Tribunal, que poderá realizar as preguntas que estime convintes en relación a dita proba ou ao temario.

Temario:

- 1.- A información turística en Galicia. Guías de turismo
- 2.- Xeografía de Galicia. Principais destinos e produtos turísticos de Galicia
- 3.- Xeografía de Cedeira. A Historia de Cedeira
- 4.- O Patrimonio de Cedeira: histórico, artístico, natural.
- 5.- O Patrimonio inmaterial: festas, tradicións e gastronomía.
- 6.- O Castelo da Concepción de Cedeira.

#### **2. FASE DE CONCURSO: máximo 10 puntos**

**A) Experiencia laboral:** máximo 4 puntos.

Experiencia profesional en postos de traballo prestados na Administración pública ou na empresa privada ou como profesional autónomo nesa praza e ou con cometidos similares aos da praza convocada: 0,20 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior aos 15 días (ata un máximo de 4 puntos)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Cando o contrato sexa a media xornada ou superior contabilizarase como si fose xornada completa. Si o contrato fose inferior a media xornada non se valorará.

Debe aportarse copias dos contratos de traballo que inclúan a descrición do traballo realizado ou ben certificado de servizos prestados.

**B) Formación:** máximo de 6 puntos

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas, segundo o establecido no seguinte baremo:

- a) Por cursos relacionados coas funcións a desempeñar de entre 20 e 50 horas: 0,10 puntos/curso ata un máximo de 1 punto
- b) Por cursos relacionados coas funcións a desempeñar de entre 50 e 100 horas: 0,20 puntos/curso ata un máximo de 2 puntos
- c) Por cursos relacionados coas funcións a desempeñar de máis de 100 horas: 0,30 puntos/curso ata un máximo de 3 puntos

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

**3. Coñecemento da lingua galega:** máximo 1 punto

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou superior ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 1 punto

Os/as aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga, deberán realizar un exercicio que demostre o coñecemento da lingua galega. O exercicio evaluarase de 0 a 1 punto.

**Segundo.-** A comisión seleccionadora estará formada por:

PRESIDENTA:

M<sup>a</sup> del Mar López Pérez

VOGAIS:

Ana Velo Ruiz

M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage

Benigno Pérez García

SECRETARIO:

Ángeles Fernández Fernández

PERSOAL COLABORADOR:

M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Martínez

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





**Terceiro.-** Convocar para o próximo LUNS , día 07 de outubro de 2019, ás 10:00 horas aos membros da comisión seleccionadora nomeados nesta resolución para o desenvolvemento do proceso selectivo no Salón de Plenos do Concello de Cedeira.

**Cuarto.-** Realizar chamamento telefónico e enviar correo electrónico para convocar, na data e hora sinalados no punto anterior, aos candidatos remitidos pola oficina de emprego de Ferrol-Esteiro para a realización da selección na Casa do Concello sito no Rúa Real nº 15 (Cedeira).

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI, bolígrafo.

**Quinto.-** Os/as aspirantes deberán entregar no Rexistro municipal do Concello (Rúa real nº15), xusto ao rematar a fase de oposición, as copias dos méritos que desexen alegar e do certificado Celga.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

